

## RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DE 28 DE XULLO DE 2009

### LICENZAS

#### FAVORABLES.-

**Lic/1260/2009.- Comunidade de Propietarios.-** Restauración de fachada na rúa Frei Rosendo Salvado nº 10.

**Lic/1070/2009.- Yago Leis Chao.-** Vivenda unifamiliar na rúa Camiño dos Vilares.

**Lic/901/2008.- José Manuel Blanco Barral.-** Vivenda unifamiliar na Travesía da Fonte do Ouro.

#### DENEGADAS.-

**Lic/1088/2009.- Guadalupe García Prieto.-** Rehabilitación da vivenda sita na rúa Cima da Eira nº 15.

#### PARCELACIÓNS.-

**Lic/1935/2008.- Raúl Viqueira Moscoso.-** Parcelación urbanística da parcela sita no lugar de Coriniña nº 26 – Larañiño, parcela 258 do Polígono 2 do Plano Xeral de Concentración Parcelaria de San Martín de Laraño. (+)

#### INCOACIÓN DE EXPEDIENTE DE DECLARACION DA CADUCIDADE DA LICENZA.-

**Lic/2291/2001.- Manuel Vieites Fraga.-** Edificio para dúas vivendas previa derruba na rúa da Angustia nº 40

### OCIHR

#### LICENZAS.-

#### FAVORABLES

**LIC/809/2008 .- COMUNIDADE DE PROPIETARIOS 1885 Nº 32-34.-** Rehabilitación integral de 2 vivendas na Rúa do Horreo 32-34.

#### **5.- Obras de construción de varanda de seguridade e protección na Avda. Mestra Victoria Míguez.**

Apróbase o prego de cláusulas administrativas e iníciase o expediente para a devandita contratación, cun tipo de licitación de 95.412,65 euros máis IVE.

#### **6.- Aprobación de proxecto, prego e inicio do expediente de contratación das obras incluídas no proxecto construtivo para a optimización da circulación viaria no Polígono Industrial do TAMBRE.**

Apróbase o proxecto redactado pola empresa PROYFE S.L. e o prego de cláusulas administrativas, e iníciase o expediente de contratación, cun tipo de licitación de 102.991,48 euros máis IVE e un prazo de execución previsto de seis meses.

#### **7.- Aprobación de pregos e inicio do expediente de contratación do Servizo de mantemento dos sistemas de seguridade en centros educativos dependentes do Concello de Santiago.**

Apróbase o prego de cláusulas administrativas e técnicas e iníciase o expediente para a citada contratación, cun tipo de licitación de 12.732,36 euros/ano máis IVE e un prazo de duración inicial de dous anos.

#### **8.- Realización de melloras técnicas a realizar no ascensor do CEIP Rodríguez Xirei para subsanar deficiencias regulamentarias segundo acta de inspección.**

Axdudícase o contrato de referencia á empresa THYSENKRUPP ELVADORES, S.L., por importe de 13.677,05 euros máis IVE.

**9.- Obras de instalación dun aparello elevador novo no CEIP de Vite para subsanar deficiencias regulamentarias segundo acta de inspección.**

Adxudícase o contrato de referencia á empresa THYSSENKRUPP ELVADORES, S.L., por importe de 35.973,47 euros máis IVE.

**10.- Obras de restauración do hórreo da Torreira no lugar do Romaño en Santiago de Compostela.**

Adxudícanse as devanditas obras á empresa 2000 JOSCON, por importe de 12.904,67 euros máis IVE e un prazo de execución dun mes.

**11.- Aprobación de prego e inicio do expediente de contratación do servizo de coordinación dos traballos arqueolóxicos das intervencións de urbanización de espazos públicos en Santiago de Compostela.**

Apróbese o prego de cláusulas administrativas e iníciase o expediente de contratación, cun tipo máximo de licitación de 56.896,55 euros máis IVE e un prazo de execución previsto de 15 meses.

**12.- Aprobación de proxecto, prego e inicio do expediente de contratación das obras de acondicionamento de parcela para campo da festa en Verdía.**

Aprobese o proxecto redactado pola empresa AMBIOTEC e o prego de cláusulas administrativas, así coma o inicio do expediente para a contratación, cun tipo de licitación de 86.161,28 euros máis IVE.

**13.- Adxudicación do Servizo de redacción de proxecto, dirección facultativa superior e coordinación de seguridade e saúde das obras de Reurbanización da rúa Irmáns Rei Alvite.**

Adxudícase o servizo á empresa SEPIA TÉCNICOS, S.L., por importe de 15.131,11 euros máis IVE.

**14.- Adxudicación provisional das obras de reforzo do firme nas vías públicas de Trasvea (Cesar), incluídas no POS 2009 da Excma. Deputación Provincial da Coruña.**

Adxudícanse provisionalmente as devanditas obras á empresa OVIGA, S.L., por importe de 42.603,45 euros máis IVE e un prazo de execución de 2 meses.

**15.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa á adxudicación dos traballos de información e atención ao cidadán no proceso catastral de valoración colectiva.**

Adxudícanse os devanditos traballos á empresa EIBISA NORTE S.L., por importe de 17.241,38 euros máis IVE.

**16.- Adxudicación Provisional do Servizo de Coordinación dos traballos de proxección e execución das obras para intervencións de Urbanización de Espazos Públicos en Santiago de Compostela.**

Adxudícanse provisionalmente os devanditos traballos á empresa CID Y SANTOS ARQUITECTOS, SLP, por un importe de 56.700 euros máis IVE.

**17.- Aprobación de proxecto, prego e inicio do expediente de contratación das Obras de Reurbanización dos contornos urbanos de acceso á cidade de Santiago (Rosalía de Castro desde Romero Donallo-Santa Marta-Choupana-Volta do Castro).**

Apróbese o proxecto redactado pola empresa COTECNO e o prego de cláusulas administrativas, e iníciase o expediente para a devandita contratación, cun tipo de licitación de 3.425.000 euros máis IVE.

**18.- Conservación e mantemento do Parque de Brandía no Concello de Santiago de Compostela.**

Apróbase o proxecto elaborado polo Departamento de Parques e Xardíns e o prego de cláusulas administrativas, e iníciase o expediente de contratación, cun tipo de licitación de 119.456 euros máis IVE polos dous anos de duración do contrato.

**19.- Obras de acondicionamento e posta en valor para o uso público da área natural da "SELVA NEGRA".**

Apróbase o proxecto elaborado polo Departamento de Parques e Xardíns e o prego de cláusulas administrativas, e iníciase o expediente de contratación, cun tipo de licitación de 199.444 euros máis IVE e un prazo de execución previsto de 7 meses.

**20.- Adxudicación Provisional da Subministración e instalación de xogos para a Área de Xogos Infantís do Centro socio-cultural e campo da festa de Vilvestro.**

Adxudícase provisionalmente o devandito contrato á empresa CONTENUR, S.L., por importe de 21.358 euros máis IVE e un prazo de execución de 45 días.

**21.- Ratificación da cesión dunha praza de aparcamento no parking de Romero Donallo.**

Autorízase a cesión dunha praza.

**22.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa a ratificación e convalidación da proposta de adquisición de bens incluídos no plan de liquidación da SD Compotela, SAD, e sinatura do contrato.**

Ratifícase e convalídase a proposta de adquisición dos devanditos bens, polo importe total de 64.000 euros.

**23.- Proposta da alcaldía relativa a inclusión como representantes do Concello na Comisión de Cooperación para a Xestión e Desenvolvemento do Ano Santo 2010.**

Apróbase a inclusión como representantes do Concello ao concelleiro de Relacións Institucionais e á concelleira de Cultura.

**24 a 48.- Proposta da Concelleira Delegada de Facenda relativa a beneficio fiscal no IBI, no IVTM, nas taxas pola subministración de auga e conservación de contadores, saneamento e depuración de augas residuais e por servizo de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos, na taxa por postos e casetas de venda, espectáculos ou atraccións situados en terreo de uso público ou por venda de artesanía nas rúas, venda ambulante e rodaxe cinematográfica.**

Concédense os beneficios fiscais e exencións solicitadas.

**49.- Proposta da concelleira delegada de Medio Ambiente e Saneamento relativa a adquisición de parcela para implantar unha estación depuradora para o saneamento e depuración de augas residuais na Sionlla.**

Apróbase a adquisición da parcela número 322 do polígono 511, situada no lugar da Quenlla, por un importe de 25.000 euros.

**50.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á corrección de erros no Proxecto de compensación do solo urbanizable non programado número 25 (SUNP-25) de Roxos.**

Procédese á corrección dos devanditos erros aritméticos e materiais.

**51.- Proposta do concelleiro delegado de Turismo relativa a aprobación do convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e o Consorcio da cidade de Santiago para o financiamento de actuacións en sinalización, e encomenda da execución e xustificación das actividades recollidas no convenio á empresa municipal INCOLSA.**

Autorízase a sinatura do devandito convenio, así como encomendar a execución e xustificación das actividades recollidas no convenio á empresa 100% municipal INCOLSA, e notificar ao Consorcio esta forma de xestión escollida.

**52.- Dar conta do convenio específico para o desenvolvemento da formación en centros de traballo. IES Pontepedriña e o Departamento de Educación do Concello de Santiago.**

Dáse conta do devandito convenio, resultado do cal oito alumnos e alumnas realizarán 740 horas de prácticas cada un no Departamento de Educación e na rede de escolas infantís municipais, no período comprendido entre o 21 de setembro de 2009 e o 22 de marzo de 2010.

**53.- Dar conta da concesión ao Concello de sete proxeccións de películas no programa NOITES DE CINE 2009.**

Dáse conta da concesión destas sete proxeccións. O custo de cada proxección ascende a 720 euros, dos que a Deputación da Coruña aboará o 60% e o concello o 40% restante.

**54.- Dar conta do Irmanamento entre as cidades de Pisa (Italia) e Santiago de Compostela.**

Dáse conta.

**55.- Dar conta da concesión de subvencións da área de Traballo do departamento territorial da Consellería de Traballo e Benestar para a contratación de traballadores/as desempregados/as.**

Dáse conta das devanditas subvencións, que permitirán a contratación de 39 traballadores para varios programas municipais.

**56.- Dar conta de corrección de erro no punto número 44 da sesión de 23.6.09.**

Corríxese o erro.

URXENCIAS

1.- Acórdase solicitar unha subvención á Consellería de Educación para o mantemento da Escola Municipal de Música, por un máximo de 32.000 euros.

2.- Apróbase a solicitude dunha subvención de 7.500 euros á Consellería de Traballo e Benestar para realización de actividades dirixidas á xuventude.

3.- Dáse conta da modificación do convenio co Consorcio para o acondicionamento e posta en valor para o uso público da área natural da Selva Negra e para a construción dun edificio de servizos no Parque Eugenio Granell. A modificación incrementa a partida de 200.000 euros destinada ao edificio de servizos e diminúe na mesma cantidade a destinada á Selva Negra.

4.- Apróbase o proxecto básico e de execución das obras de reforma do aparcadoiro e os seus accesos no Auditorio de Galicia, así como o inicio do expediente de contratación, cun tipo de licitación de 258.620,69 euros máis IVE, e un prazo de execución de 3 meses.

5.- Apróbase a solicitude dunha subvención ao Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller, por importe de 40.000 euros, para financiar os gastos de persoal vinculados directamente ao mantemento e funcionamento do Centro de Información ás Mulleres (CIM).

6.- Dáse conta da concesión dunha subvención 2.100 euros pola Dirección Xeral de Relacións Laborais para a realización dunha xornada sobre cooperativismo e desenvolvemento local.

7.- Apróbase o proxecto de obra e o prego de cláusulas administrativas, así como o inicio do expediente para a contratación das obras de renovación da cuberta do corpo que contén a sala Ángel Brage no Auditorio de Galicia, establecéndose un tipo de licitación de 121.593 euros máis IVE e un prazo de execución de 2 meses.